



Río Sarela

Asociación Veciñal
San Lourenzo e Carme de Abaixo

MEMORIA DE

ACTIVIDADES

2017

NOVA XUNTA DIRECTIVA

A Asemblea Extraordinaria do 4 de novembro de 2017 elixiu nova Xunta Directiva da Asociación de Veciños RÍO SARELA de San Lourenzo-Carme de Abaixo, que está formada por:

Presidente:	Jonathan Paul Brokenbrow
Vicepresidente:	Fernando Peleteiro Fernández
Secretario:	Ángel Lado Llerena
Tesoureiro:	Juan Jesús Martínez López
Vogal:	María Torre Rodríguez
Vogal:	Alfonso Castelao Nogueira
Vogal:	Ángel Carreira Díaz
Vogal:	Álvaro García Ortiz
Vogal:	Vicente Mandado Vázquez

O Presidente da Xunta Directiva entrante agradeceu o traballo realizado polo anterior equipo, que estivo presidido por María Isabel Beiroa Liñares.

O 12 de decembro mantivemos a primeira reunión co alcalde de Santiago, **Martiño Noriega**, para presentarnos e trasladarlle as principais demandas do barrio, seguindo co traballo xa realizado polas anteriores Xuntas Directivas da Asociación.

Nesta reunión analizamos o documento que previamente se entregou no Rexistro do Concello coas demandas da Asociación, que se resumen nos seguintes puntos:

1.- Seguridade vial e tráfico

- ✓ Volume sobredimensionado de tráfico no barrio
- ✓ Perigo para os peóns: veciños, peregrinos, alumnos e pais
- ✓ Atascos en horas punta e saturación de zonas de aparcamento por causa dos centros de ensinanza
- ✓ Zonas críticas: na actualidade o barrio (especialmente Poza de Bar, San Lourenzo e Avenida das Burgas) está ategado nas horas punta o ser unha arteria principal de entrada e saída da cidade
- ✓ No cruce da Carballeira coa rúa e estrada de San Lourenzo e o Campus necesita urxentemente unha intervención a fondo

Solucións Propostas

- ✓ Instalación de limitacións de velocidade.
- ✓ Ordenación da circulación (semáforo ou rotonda).
- ✓ Substitución dos actuais bolardos por outros non agresivos e visibles (con reflectantes cando menos)

2.- Problemas sociais e de grupos marxinais

- ✓ Ultimamente no barrio estanse a establecer persoas que ocupan vivendas valeiras e persoas vivindo en condicións lamentables nas leiras do barrio.
- ✓ Algúns deles adícanse á venda de drogas e con comportamentos agresivos cara os veciños e veciñas
- ✓ Sala Malatesta: necesítase cando menos a presenza da policía na entrada e saída ás actuacións desta entidade privada, que evite a continua problemática de ruído e alboroto nocturno causado polos seus clientes que inflúen en toda a zona, especialmente na Rúa e na Carballeira, onde é costume que ó sairen das actuacións fagan botellón, chegando incluso a interferir co tráfico viario.

3.- Carballeira

- ✓ Estado de deterioro da Carballeira de San Lourenzo. Xa foi estudado en varias ocasións a solicitude e demanda das dúas anteriores directivas desta Asociación. Cóstanos que se fixeron estudos e análises, o que ata o de agora non repercutiu en solucións efectivas.
- ✓ Os contedores de lixo son un obstáculo visual no comezo do Camiño de Fisterra, causando o despiste dos peregrinos. Consideramos que é un mobiliario urbano absolutamente inadecuado na zona

Solucións propostas:

- ✓ Solicitamos unha vez máis, que considerando os estudos anteriormente feitos, se traballe de xeito efectivo no saneado e repoboación desta emblemática carballeira.
- ✓ Solicitamos asemade un incremento na presenza de persoal de limpeza.
- ✓ Instalación de contedores soterrados

4.- Limpeza

- ✓ Carballeira/Corredoira dos Muíños, Rueiro, etc. Non se fai limpeza manual na Carballeira, Corredoira do Muíños, Toxeira, Bar, etc.

Solución proposta:

- ✓ Incremento de frecuencia de limpeza na zona

5.- Corte tráfico Juan XXIII

A actual regulación urbana co corte de Xoán XIII consideramos que é un serio inconveniente para os veciños e veciñas do barrio

6.- “Aparcadoiro” da Carballeira

Xa é “tradición” que nas Festas da Ascensión, e nas do Apóstolo, a Carballeira ven de ser usada como “aparcadoiro municipal”, algo dende a nosa perspectiva é completamente inaceptable e sumamente agresivo cara a precaria situación desta carballeira centenaria.

7.- Local social

Solicitamos unha intervención de substitución das actuais xanelas por outras que sexan máis eficientes en termos enerxéticos.

8.- Coidado e mantemento do paseo fluvial do Río Sarela

Solicitamos o especial coidado no mantemento do paseo fluvial que se atopa especialmente descoidado e abandonado, con perigo para os camiñantes.

ACTIVIDADES E FESTAS

Ao longo do ano 2017, a Asociación organizou as seguintes actividades e festas populares:

Actividades

Costura
Tai Chi
Pilates
Informática
Encaixe
Música tradicional
Costura
Baile moderno
Claqué
Actividades para nenos os
xoves e sábados

Festas tradicionais

San Juan en xuño
Magosto en el mes de novembro
Festa de Nadal

PÁXINA WEB E FACEBOOK

Fomentar a transparencia e a relación cos veciños é un dos obxectivos que se marcou a Xunta Directiva. Por iso creamos a primeira páxina web da Asociación Veciñal RÍO SARELA (www.riosarela.org) desde a que trasladaremos toda a información e actuacións que se vaian executando, á vez que servirá para comunicarnos cos veciños. Nesta mesma liña de transparencia e fomentar a relación por todas as canles, creamos a primeira páxina de Facebook da Asociación (@riosarela)